

Convenio ATRIGA- Consello da Avogacía Galega

2022

Información importante sobre as **novidades normativas** e de **funcionamento** da Oficina Virtual Tributaria da Axencia Tributaria de Galicia

ÍNDICE

I. Novidades Normativas	2
II. Novidades da OVT	2
IIA. Servicio de valoración de inmoables	2
IIB. Solicitudes de adiamento e fraccionamento, devolución de ingresos indebidos e compensación de débedas	2
III. Resumo do funcionamento na OVT	3
IIIA. Normas xerais	3
IIIB. Modo de facer autoliquidacións	3
Autoliquidación do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (Modelo 600)	4
Autoliquidación do Imposto sobre sucesións (Modelo 650)	4
Autoliquidación do Imposto sobre doazóns (Modelo 651)	4
IV. Ligazóns de axuda	4

I. NOVIDADES NORMATIVAS

1. O pasado 31 de decembro de 2021 publicouse no DOG a [Lei 18/2021 do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas](#). Dita Lei modificou o tipo xeral da modalidade de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, que pasa a ser, para devengos desde o 01/01/2022, **do 9%**.

2. O pasado 30 de decembro de 2021 publicouse no DOG a nova [orde que desenvolve os medios de comprobación de valores de bens inmoables situados na Comunidade Autónoma de Galicia](#). Dita orde entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2022 e aplicarase aos feitos impositivos dos seguintes impostos:

- Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados
- Imposto sobre sucesións e doazóns

En ambos os dous casos, aplícase aos impostos que se devenguen desde o día de entrada en vigor.

II. NOVIDADES DA OVT

IIA. SERVICIO DE VALORACIÓN DE INMOBLES

O pasado 25 de xaneiro, restableceuse o servizo de valoración de inmoables da **Oficina Virtual Tributaria (OVT)**, para devengos a partir do 01.01.2022, permitindo así realizar valoración de bens se non hai constancia de valor de referencia.

Como consecuencia da entrada en vigor do valor de referencia para os inmoables de natureza urbana a partir do 01/01/2022, para devengos posteriores á mencionada data, a Axencia Tributaria de Galicia só emitirá valoracións de bens inmoables en caso de inexistencia do valor de referencia previsto na normativa reguladora do catastro inmobiliario ou por non poder ser certificado o devandito valor pola Dirección Xeral do Catastro.

IIB. SOLICITUDES DE ADIAMENTO E FRACCIONAMENTO, DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS E COMPENSACIÓN DE DÉBEDAS

O día 31 de xaneiro activáronse tres novos servizos na OVT: presentación de solicitudes de adiamento e fraccionamento, devolución de ingresos indebidos e compensación de débedas.

As guías destes novos servizos están publicadas nos apartados de descargas (<https://ovt.atriga.gal/#!/descargas>) así como na ficha de “Información e axuda”

(https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Solicitudes/11609730/4126995/26510029//item-dark-blue/tab#4)

No servizo de **Devolución de ingresos indebidos** hai dúas excepcións que se avisan na páxina inicial e que son os seguintes:

- As solicitudes de devolución de ingresos indebidos correspondentes aos recursos de dereito público cuxa xestión en período voluntario estea atribuída a un ente público vinculado á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia serán tramitadas por estes non sendo competencia da Axencia Tributaria de Galicia.
- Non se poderán presentar por este servizo as solicitudes de devolución de ingresos indebidos de taxas e prezos, as cales se deberán dirixir ao órgano administrativo xestor da taxa/prezo. Nestes casos poderase utilizar o modelo *PR004A* da Sede electrónica da Xunta de Galicia, sen prexuízo dos demais medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

III. RESUMO DO FUNCIONAMENTO NA OVT

IIIA. NORMAS XERAIS

- Requírese certificado dixital.
- O usuario ten que identificar o tipo de débeda (autoliquidación, providencia ou liquidación/sanción notificada por Atriga), introducir o nº de operación e validar que os datos son correctos.
- No caso de sancións doutros órganos, o usuario terá que introducir a delegación competente e identificar no texto da solicitude os datos referentes á sanción correspondente (Código de sanción, Consellería, Delegación e Servizo sancionador, así como o nº de expediente/Boletín).
- No caso de que a persoa que realice a presentación non sexa o interesado deberase achegar o correspondente documento acreditativo da representación.

IIIB. MODO DE FACER AUTOLIQUIDACIÓNS

Para autoliquidar algún imposto con devengo a partir do 01/01/2022, en primeiro lugar hai que comprobar na [Sede Electrónica da Dirección Xeral de Catastro](#) se o ben inmoble conta con valor de referencia.

Para autoliquidar calquera dos impostos xestionados pola Axencia Tributaria de Galicia, se se trata dun ben inmoble, hai que comprobar na [Sede Electrónica da Dirección Xeral de Catastro](#) se conta con **valor de referencia**. Así, unha vez obtido o devandito valor, indicamos a continuación como se debe reflectir este valor nos distintos modelos de autoliquidación:

AUTOLIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS (MODELO 600)

Deberase escoller a opción “**Declarar bien inmueble**” e na última pantalla poderá indicar o valor de referencia. Ademais, no campo **Valor Declarado**, deberase indicar o valor de referencia (na parte que corresponda á participación adquirida) salvo que o interesado queira declarar un superior. Á base impositiva pasaré ao maior entre o valor de contrato e valor declarado.

AUTOLIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE SUCESIÓNS (MODELO 650)

Deberase indicarse na ficha de cada un dos inmobles como **Valor total do ben** o valor de referencia, salvo que o interesado queira declarar un superior.

AUTOLIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE DOAZÓNS (MODELO 651)

Deberase escoller a opción “**Nuevo bien no valorable**”, indicando no campo **Descripción** a referencia catastral. Ademais, no campo **Valor Declarado**, deberase indicar o **valor de referencia** (na parte que corresponda á participación doada) salvo que o interesado queira declarar un superior.

IV. LIGAZÓNS DE AXUDA

A ATRIGA publicou varias **guías de usuario** que facilitan a confección e presentación dos modelos 600, 620 e 651 a través da OVT. As ditas guías pódense consultar no apartado de Descargas (<https://ovt.atriga.gal/#!/descargas>). Hai guías para cada un dos modelos de autoliquidación:

[Guía Modelo 600](#)

[Guía Modelo 620](#)

[Guía Modelo 651](#)